



## Parlamento das Letras: Bieito Iglesias

Publicado o [27/06/2012](#)

*A grande tradición da escrita ourensá pasa por Bieito Iglesias. Tal que un vinculeiro de entre séculos, a súa obra técese como a herdanza mellor dunha prosa estética que enraíza nas xentes de Nós, entronca no grande Blanco Amor e ledicianos en gallas mil na narrativa deste mestre indiscutible das nosas letras dos últimos lustros.*

*A Iglesias as reduccionistas miserias normativas non lle acaen. O seu é o ourensao ás burgas, desmedido, alambicado e verboso, un relatar en fervenzas caudais, de augas mestas, unidas do terrón popular, si, mais hipermineralizado con mil lecturas fertilizantes, de preferencia italianófilas, pero sen lle facer feos aos virtuosos galos e aínda aos albións do aquén e alén atlántico.*

*Que logo ese seu floreo verbal se aplique á dolceza erótica, á ruína política ou á (des)memoria do rural é xa fariña doutro saqueto. Porque todo e máis ten cabida nas novelas e contos cobregantes deste irreductible fustrigador de acomodaticios neoburgueses que Iglesias é. E nada resiste o acedume do seu humor, de común corrosivo, desapiadado, raramente amable, balsámico, a máis pedir unha esgrima irónica, renartería de altos voos, puxilística da retranca.*

*Dese alustro lustral da intelixencia deitan aquí mananciais as dendritas da doxa Iglesias, fosforescencia sináptica que sempre ilumina.*

### —¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Vecei a escrita no semanario *A Nosa Terra*, cando Margarita Ledo dirixía a redacción localizada na República do Salvador e despois na rúa da Troia, alá polo 1978 (non lembro a data precisa da resurrección desta histórica cabeceira). Escribía sátira, en seccións que se intitulaban *En poleiro alleo* ou *Outra vaca no millo*. O debut na literatura de creación foi na revista *Dorna* con dous poemas de xénero ecrástico. A primeira mostra de prosa ficcionista gañou o Modesto R. Figueiredo (1988) e tratábase dun relato policíaco (*Luanda*) posteriormente incluído en *Miss Ourense*.

### —¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

A obra mellor tratada polo público foi *Miss Ourense* e as máis destacadas pola crítica *O mellor francés de Barcelona* e *Contos da terra da tarde*. Tiveron críticas favorables, pero talvez menos difusión da que merecían (na miña falible opinión alcanzan o mesmo nivel que as arriba citadas) *Bajo las más bellas estrellas* e *A vida apoteósica*, a primeira por estar escrita en español e a

segunda sabe o demo por que. As miñas obras ‘primeirizas’ foron xulgadas con severidade que nunca agradeceréi o bastante e, once libros despois, tamén non son un escritor popular. Dáme preguiza profundar nas causas desa impopularidade.

**—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?**

Escribo a mao, pero non por manía. Sempre me venceu a nugalla que me impediu aprender a teclear na máquina ou nun computador. De resto, non teño ningunha cisma especial, agás que se consideren cismáticos os hábitos de fumar, de enviar café de pota e de mougar chocolate.

**—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?**

As antoloxías incomódanme por reduciren o individual a esquemas xenéricos e gregarios. Poden ter un pase as antoloxías poéticas, porque os líricos son paxaros que andan aos bandos, pero ben escusadas as narrativas. Os narradores seméllanse ao orangotango de Borneu, que permanece o máis do ano na punta da póla, baixando unha vez pra trocar lapotes cos machos rivais e fecundar as femias. Así tamén o romancista fecunda de ano en ano o público (se se deixa) e intercambia pallougadas dialécticas cos colegas, regresando deseguida á soidade misantrópica das árbores. Con todo, non me importaría figurar nunha antoloxía da quinta do *seiscentos* (dos nados en 1957) con Antón Reixa, Pilar Pallarés, Ramiro Fonte, Gonzalo Navaza, Manuel Rivas, Xavier Queipo ou Luisa Villalta.

**—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?**

Todas as miñas obras tratan idénticos asuntos, encabelados de distinta maneira e en diferentes doses: a memoria ferida; a dor do desexo contrariado; a gaia ciencia dos trobadores, de Pasolini (*gioia*) ou Blanco Amor, apoiada nas epifanías materialistas do sexo e do humor; o pasado como país estranxeiro; a invocación elixíaca e esperpéntica dun fragmento de vida histórica (a Galiza contemporánea); os universos arcaicos da ruralía e do arrabaldo preindustrial; a mestura dos restoballos da civilización tradicional cos residuos da cultura de masas: cinema, cómic, música lixeira, tv., deporte etc. A evolución do meu traballo, desde o debut a hoxe, afecta á linguaxe, progresivamente densificada, e ás estratexias narrativas, máis sofisticadas nas últimas entregas. Por algo certa recensión dun título recente empeza coa seguinte frase: “Este libro non é pra todo o mundo”. Tómoo como un piropo, no entanto tamén me causan graza varios textos de literatura galega do ensino secundario que me etiquetan como humorista. O caso é que, unha vez vezado o xadrez, xa non apetece xogar ás damas.

**—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?**

Leo e releo principalmente ensaios (atalora repasaba a *Historia da Beleza*, de Eco) ou textos que preciso pra realizar algunha angueira concreta. Ora ben, se me exiliase nunha illa deserta levaría comigo a ensaística de Chesterton, *Luz de agosto*, *Ada ou o ardor*, *O mester de vivir*, *Historia das cartas de jogar*, *História trágico-marítima*, *A illa do tesouro* e *O longo adeus*.

**—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?**

Ás nosas letras fáltalle un pobo. Como deixou dito Deleuze, o autor dun pobo menor escribe sempre pra un pobo que falta, que existe só porque o escribe e mentres o escribe. Faltan bos autores, como en toda parte, porque, de acreditarmos no cómputo do *Eclesiastés*, de mil non hai un bo. Sobran liridades e literatizos de escaso caletre (capaz que as intelixencias preclaras deserten das letras por preferir o número, quere se dicir as enxeñerías). Están sobros tamén os intrusos, nunha época na que —como ten comentado un observador italiano— todos aqueles

que non valen pra rexentar unha lavandería nin pra xogar ao balompé nin pra gobernar nin pra pór bombas contra o goberno... escriben libros. Ningún dos defectos anteriores é endémico da Galiza, partillamos eses andazos con toda a ecúmena occidental. Aquí cómpre engadir, siescaso, o filisterismo dun sistema literario que pon os 'valores positivos' e a defensa da comunidade de falantes por cima de calquera autonomía estética, cando a grande literatura sempre introduce laceracións no corpo social e canxa mal coa corrección ben-pensante e coas coitas das almas belas.

**—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?**

Cando es grandeiro, sabes que ninguén espera de ti revelacións sensacionais. O tempo mozo en que temía morrer sen contar algo precioso xa pasou. De facto, o adulto descobre que ninguén agarda por ninguén en ningures e que debe irromper no inferno sartriano dos Outros abríndose paso a cotifós. Certo que algú fulanos permanecen na adolescencia toda a vida, pero, 'a partir dos trinta anos, as persoas intelixentes divídense en dúas categorías: a dos que xa só cren en si propios e a dos que xa nin sequera acreditan en si mesmos' (Pavese). O que non me perdoe é ter usado nos libros palabras nunca dantes escritas, que constituían o santuario por min profanado de tantiñas xentes analfabetas. Se volvese nacer sabendo o que sei, non escribiría nin esas nin outras palabras, pero Deus nos libre dun xa foi.

**—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?**

A cousa está como ha de ir (ao nabizo).